



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 22 de decembro de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 22 DE DECEMBRO DE 2023.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior número 15/2023, do 24 de novembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de novembro ata o 15 de decembro de 2023.
3. Aprobación da proposición da Presidencia sobre cambio da data da sesión ordinaria do primeiro mes de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

4. Dación de conta da prórroga do Plan de Acción das políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Fundación Centro Internacional de la Estampa Contemporánea-CIEC, para cofinanciar o Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación.

Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

6. Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a entidade FRUGA para financiar o proxecto "Estudo, Análise e Alternativas de Viabilidade económica-social e meiodambientais nas franxas da biomasa forestal nos montes veciñais de man común das comarcas da Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña"

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

7. Aprobación definitiva do proxecto da obra "Mellora da seguridade viaria na DP 0605, punto quilométrico 5+900 ao 6+530 (TOURO), incluído no Plan de Investimentos 2023, sexta fase
8. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 7202 Rianxo a Burés por Asados, senda peonil punto quilométrico 1+541 ao 1+911 (RIANXO), incluído no Plan de Sendas Peonís 2023, primeira fase
9. Aprobación definitiva do proxecto da obra "DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (FERROL). Actualización do proxecto de construción de travesía", incluída no Plan de Travesías 2019, primeira fase
10. Aprobación técnica do proxecto da obra "DP 1802 Veiga de Cabana a As Pontes. Senda peonil, punto quilométrico 14+830 ao 15+250 marxe dereita en Ribadeume (AS PONTES)
11. Aprobación do proxecto da obra REFORMADO DP 3104 Variante Aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (CULLEREDO),



incluído no Plan de Vías Provinciais 2021, quinta fase

12. Aprobación do proxecto Modificado do de Terminación na DP 0510 ensanche, mellora de trazado, afirmado e Senda, tramo: Confurco punto quilométrico 0+000 a Orro punto quilométrico 2+940 (CULLEREDO)), incluída no Plan de Investimentos 2017 primeira fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

13. Aprobación da adhesión da Deputación provincial da Coruña ao acordo marco da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) "AMT-2022-0065: Contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración de licenzas para a ampliación da solución de protección avanzada (EDR) - Endpoint Detection and Response (detección e resposta de ameazas de puntos finais)

14. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro"

15. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de ampliación do pavillón municipal de deportes

16. Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

17. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 para modificar a Base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco", do Concello de Narón, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0396.0

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol", do Concello de Oleiros, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0407.0

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa", do Concello do Pino, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0435.0

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na rúa Rosalía de Castro número 6", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e



servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2100.0047.0

22. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)" do Concello de Carballo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0134.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

23. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

25. Aprobación das bases para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións de tráfico do Concello de Santiago de Compostela e a aceptación da devandita delegación.

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Baña respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Negreira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

28. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Padrón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

29. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Santa Comba respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

30. Aprobación da prórroga do convenio coa Asociación de Concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés"

31. Aprobación de adenda ao convenio entre a Deputación da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento das "Actuacións de promoción turística na provincia da Coruña"

32. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura marítima e fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023"

33. Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol para financiar "Exaltación da vieira da Ría na celebración das festas patronais da "Virxe da Parrocheira" Ferrol 2023"



Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

34. Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración coa Fundación para a promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e a súa área de influencia, para financiar o proxecto "Creación e posta en marcha dunha oficina de promoción industrial da Coruña e da súa área de influencia", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Fóra da orde do día

I.Moción relativa a proposta de desestimación á reclamación presentada e aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio 2024 e das súas Bases de Execución

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 22 de decembro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 22 de decembro de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Avia Veira González	BNG

Excusada:

Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
----------------------------------	----

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



1.- Aprobación da acta da sesión anterior número 15/2023, do 24 de novembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 15/2023, do 24 de novembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de novembro ata o 15 de decembro de 2023.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 18 de novembro ata o 15 de decembro de 2023.

3.- Aprobación da proposición da Presidencia sobre cambio da data da sesión ordinaria do primeiro mes de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de xaneiro de 2024 correspondería celebrala o día 26 dese mes, coincidindo con actos institucionais de notable trascendencia pública aos que deben asistir o presidente e varios deputados.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:



"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao primeiro mes de 2024 celebrárase o día 2 de febreiro, venres, a partir das doce horas".

4.- Dación de conta da prórroga do Plan de Acción das políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña

1. Tomar coñecemento da prórroga da vixencia do Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña ata o ano 2026.
2. Instar aos órganos de Goberno a manter o compromiso provincial de orientar as liñas de xestión orzamentaria no marco dos principios, medidas e obxectivos do Plan, co obxecto de inspirar as políticas públicas de Igualdade de Xénero da Deputación da Coruña.
3. Dispor que se publique no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación, o documento da Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero, así como o acordo da prórroga da vixencia do mesmo, para xeral coñecemento.

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Fundación Centro Internacional de la Estampa Contemporánea-CIEC, para cofinanciar o Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Fundación Centro Internacional de la Estampa Contemporánea-CIEC, por importe de **36.000,00 €**, concedida para financiar o *Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación*, cun orzamento subvencionado de 45.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de decembro de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2024 autorice o correspondente Orzamento.



“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, en adiante Fundación CIEC

EXPOÑEN

1.- A Fundación CIEC é unha fundación de interese galego constituída na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.

2.- De acordo co artigo 4 dos seus estatutos a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.

3.- Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación CIEC e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca anualmente o *Premio Internacional “Jesús Núñez” de Arte Gráfica*, en cuxa organización ven colaborando a Fundación, tanto na súa difusión, como en aspectos loxísticos xa que a recepción das obras, a reunión do xurado e a primeira das exposicións itinerantes do Premio ten lugar na sede da Fundación.

4.- A Fundación CIEC ten a súa sede na rúa do Castro 2, no casco histórico de Betanzos, na denominada “Casa Núñez”.

A Casa Núñez, hoxe sede da Fundación CIEC, foi construída en 1923 a instancias de don Antonio Núñez, coa finalidade de establecer un gran almacén de venta, unha delegación do Banco de España e dúas vivendas.

O promotor encargou o proxecto a un dos arquitectos máis relevantes do panorama galego da época, Rafael González Villar, que xa fixera algúns proxectos na citada cidade, como o Casa do Pobo, o lavadoiro das Cascas ou o conxunto formado polo palco da música, barandillas e farolas do Cantón. O edificio constrúese ocupando un amplo solar, e nel González Villar aplica toda unha serie de recursos arquitectónicos e estilísticos que o converten nunha xoia do art decó, xa que tanto a súa magnífica fachada coma o seu amplo interior foron respetados e adaptados aos novos usos dunha escola de arte gráfica.

5.- Neste ano 2023 cumplesse un centenario da súa sede, a Fundación CIEC organiza unha serie de actividades extraordinarias: visitas guiadas á casa, concertos, edición de carpeta de gravados sobre o edificio, que se engaden á programación de cursos anuais.

6.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio



destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir as actividades organizadas pola Fundación CIEC con motivo do centenario da súa sede.

7.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Fundación CIEC, co NIF: G15600976, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>CONFERENCIAS, PRESENTACIÓNS, RESIDENCIAS ARTÍSTICAS, ENCONTROS DE ARTISTAS E MOSTRAS 100 ANOS CASA NÚÑEZ</i>	6.900,00
* Traslados, billetes, estancias, conferencias, asistencia a feiras, persoal estancias e intercambios; artistas invitadas/os	3.000,00
* Apoio didáctico: fotografiado, vídeo, cartelería, logos, banderolas, folletos, envíos, presentación stands.	1.900,00
* Material didáctico encontros artísticos, residencias artísticas nos talleres	2.000,00
<i>CONCERTOS 100 ANOS CASA NÚÑEZ</i>	3.100,00
* Honorarios artistas invitados/as	2.000,00
* Difusión: cartelería, folletos de man, deseño, impresións, envíos	1.100,00
<i>EDICIÓNS DE ARTE 100 ANOS CASA NÚÑEZ</i>	9.990,00
* Material funxible: papeis, tintas, carpetas, caixas, bolsas, presentación	2.900,00
* Honorarios artistas invitadas/os	6.000,00
* Estancias e/ou traslados artistas	1.090,00
<i>VISITAS 100 ANOS CASA NÚÑEZ</i>	4.700,00
* Material didáctico para as demostracións	2.700,00
* Honorarios artistas demostracións	2.000,00
<i>CURSO GRÁFICA 100 ANOS</i>	11.910,00
* Material didáctico funxible: tintas, papeis, aceites, produtos limpeza, ferramentas, lápices, teas, plásticos, documentación, etc	4.000,00
* Honorarios profesorado invitado	7.510,00
* Difusión: deseño cartelería, envíos, folletos, carteis	400,00
<i>COORDINACIÓN, SECRETARIADO, INFORMACIÓN, DIRECCIÓN</i>	8.400,00
* Honorarios persoal do centro: cursos, visitas, concertos, edicións, conferencias.	5.100,00
* Seguridade Social	3.300,00
TOTAL GASTOS	45.000,00 €



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíble coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.



V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación CIEC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación CIEC unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.



3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación CIEC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a entidade FRUGA para financiar o proxecto "Estudo, Análise e Alternativas de Viabilidade económica-social e meidoambientais nas franxas da biomasa forestal nos montes veciñais de man común das comarcas da Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña"

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia,



publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A Federación Rural Galega FRUGA a través do proxecto “Viabilidade Económico-Social e Medio-Ambiental nas franxas da biomasa forestal nos Montes Veciñais en Man Común das comarcas do Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña ten por finalidade principal a defensa dos intereses das asociacións vinculadas ao medio rural galego e asociadas á mesma así como á información, formación, investigación e transferencia de coñecementos en actividades relacionadas co rural galego, e nomeadamente a agraria, en calquera das súas formas.

En xeral, a realización de calquera actividade que contribúa á:

- Dignificación da actividade agraria, e daquelas outras actividades económicas relacionadas co medio rural.
 - Promoción dun desenvolvemento rural sustentábel social, económica e ambiental.
 - Mellora da cualidade de vida no medio rural galego, coa dotación necesaria de servizos e infraestruturas para as persoas e as explotacións.
 - Equiparación entre homes e mulleres.
 - Xestión e defensa do monte veciñal en man común, ou de calquera outros espazo comunitario en relación co medio rural.
 - Concienciación ambiental e integración de obxectivos medioambientais nas actividades desenvolvidas no medio rural.
- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concorrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste principalmente establecer medidas de apoio ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, para un maior coñecemento das posibles viabilidades económicas, sociais e medioambientais nunha axeitada xestión da biomasa forestal, naquelas superficies dos seus montes nas que é necesario establecer faixas de protección de carácter social, como é a prevención e loita contra os incendios forestais..
 - O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo
 - Por outra banda o proxecto desenvolvido pola entidade FRUGA está motivado polos seguintes beneficios:
 - A repercusión e estudo económico de custos de xestión da biomasa vexetal nas superficies afectadas e análise da súa sustentabilidade en



termos económico e sociais.

- A identificación e análise da repercusión, e estudo económico, de custos de xestión da biomasa vexetal nas superficies afectadas pola faixas de protección das redes secundarias e terciarias, en aplicación da lexislación de prevención e defensa contras os incendios forestais da Galiza. Análise da súa sustentabilidade en termos económicos e sociais.
- A análise e formulación de alternativas para a sustentabilidade económica e social da biomasa vexetal e forestal das superficies afectadas, por medio dos posíbeis aproveitamentos da mesma e das posíbeis alternativas de uso e produtivas para as zonas afectadas polas franxas de protección.

Cabe sinalar que os titulares dos terreos forestais vense na obriga de realizar unha xestión da biomasa existente para evitar a propagación do lume e facilitar a súa extinción. A lei considera como persoas responsábeis, tanto no que se refire ás redes secundarias como terciarias, ás persoas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal en que teñan os seus dereito, polo que as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e a veciñanza que as integra están claramente afectados polo establecido no texto consolidado da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) CIF G70237904, para financiar o proxecto “Estudo, Análise e Alternativa de Viabilidade Económico-Social e Medio-Ambiental nas franxas da biomasa forestal nos Montes Veciñais en Man Común das comarcas do Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña”. A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 48.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,9432 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “Estudo, Análise e Alternativa de Viabilidade Económico-Social e Medio-Ambiental nas franxas da biomasa forestal nos Montes Veciñais en Man Común das comarcas do Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña



Doutra parte o representante da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)

1. Consideran de gran interese para a provincia a realización do proxecto “Estudo, Análise e Alternativa de Viabilidade Económico-Social e Medio-Ambiental nas franxas da biomasa forestal nos Montes Veciñais en Man Común das comarcas do Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña” que ten como obxectivo establecer medidas de apoio ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (MVMC), para un maior coñecemento das posibles viabilidades económicas, sociais e medioambientais nunha axeitada xestión da biomasa forestal, naquelas superficies dos seus montes nas que é necesario establecer faixas de protección de carácter social, como é a prevención e loita contra os incendios forestais.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) con CIF G70237904, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Estudo, Análise e Alternativa de Viabilidade Económico-Social e Medio-Ambiental nas franxas da biomasa forestal nos Montes Veciñais en Man Común das comarcas do Barbanza e da Costa da Morte na Provincia da Coruña

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
ALUGUER LOCAL COMPOSTELA	3.369,15
TELEFONIA	1.003,95
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	2.000,00
LOCOMOCIÓN QUILOMETRAGE	1.500,00
CUSTES LABORAIS	15.865,50
SEGURIDADE SOCIAL	5.187,78
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	31.116,20
TOTAL ORZAMENTO	60.042,58

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **48.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **79,9432** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total



previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,9432 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4141/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023**
2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá estar ao día, con carácter previo á



sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2024 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada por Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)"

7.- Aprobación definitiva do proxecto da obra "Mellora da seguridade viaria na DP 0605, punto quilométrico 5+900 ao 6+530 (TOURO), incluído no Plan de Investimentos 2023, sexta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Proxecto de **MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP0605, PUNTO QUILOMÉTRICO 5+900 AO 6+530 (TOURO)_ Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2023. Sexta Fase** cun orzamento total de **347.551,69 euros**, con cargo á aplicación **0410/4531/60900** que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	Prazo de execución
2023.1110.0009.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP0605, PQ 5+900 AO 6+530	TOURO	347.551,69 €	6 Meses



2.- **EXPOÑER** ao público o Proxecto mediante **anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia** nun prazo de **DEZ DÍAS** a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- **REMITIR** o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da **Comisión Galega de Cooperación Local** para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de DEZ días sen que se emita ningún informe.

4.- **CONDICIONAR** o inicio da contratación das obras en tanto non se formalice a ocupación en virtude da vixente Lei de Expropiación Forzosa."

8.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 7202 Rianxo a Burés por Asados, senda peonil punto quilométrico 1+541 ao 1+911 (RIANXO), incluído no Plan de Sendas Peonis 2023, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- **Aprobar** o proxecto das obras na **DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL PUNTO QUILOMÉTRICO 1+541 A PUNTO QUILOMÉTRICO 1+911 (RIANXO) Plan de Sendas Peonis 2023, Primeira Fase**, cun orzamento total de **169.614,22 euros**, con cargo á aplicación **0410/4535/60900** que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO EXECUCIÓN
2023.1170.0001.0	DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL PQ 1+541 A PQ 1+911	(RIANXO)	169.614,22	4 meses

2.- **Expoñer** ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de **dez días** a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- **Remitir** o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

4.- **Condicionar** o inicio da contratación das obras en tanto non se formalice a ocupación en virtude da vixente Lei de Expropiación Forzosa."



9.- Aprobación definitiva do proxecto da obra "DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (FERROL). Actualización do proxecto de construción de travesía", incluída no Plan de Travesías 2019, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- **Aprobar** o proxecto **DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) Punto Quilométrico 1+180 a Punto Quilométrico 1+640. Plan de Travesías 2019-1ª Fase**, cun orzamento total de **687.080,37** euros, con cargo á aplicación **0410/4531/60900** que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2019.1130.0001.0	DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) PK 1+180 a PK 1+640	Ferrol	687.080,37€

2.- **Expoñer** ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que éstas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- **Remitir** o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación técnica do proxecto da obra "DP 1802 Veiga de Cabana a As Pontes. Senda peonil, punto quilométrico 14+830 ao 15+250 marxe dereita en Ribadeume (AS PONTES)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- **Aprobar técnicamente** o Proxecto **DP 1802 VEIGA DE CABANA A AS PONTES. SENDA PEONIL PUNTO QUILOMÉTRICO 14+830 AO 15+250 MARXE DEREITA EN**



RIBADEUME- Plan de Sendas Peonís 2023 Segunda Fase, cun orzamento total de **245.209,96 €**, con cargo á aplicación **0410/4535/60900**, que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2023.1170.0002.0	DP 1802 VEIGA DE CABANA A AS PONTES. SENDA PEONIL PUNTO QUILOMÉTRICO 14+830 AO 15+250 MARXE DEREITA EN RIBADEUME	As Pontes	245.209,96 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra na DP 1802 VEIGA DE CABANA A AS PONTES. SENDA PEONIL PUNTO QUILOMÉTRICO 14+830 AO 15+250 MARXE DEREITA EN RIBADEUME.

Parte da actuación para realizar está dentro da zona de dominio público da estrada e outra parte realizase en solo de clase urbana con uso residencial, poñendo o Concello das Pontes de García Rodríguez os terreos ao dispor da Deputación provincial da Coruña (Anexo número 6 do proxecto).

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

5.- Condicionar o inicio da contratación das obras en tanto non se formalice a ocupación en virtude da vixente Lei de Expropiación Forzosa e á autorización da Dirección xeral de Patrimonio."

11.- Aprobación do proxecto da obra REFORMADO DP 3104 Variante Aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (CULLEREDO), incluído no Plan de Vías Provinciais 2021, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- " Aprobar o Proxecto "**MODIFICADO Nº1 DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES (CULLEREDO)**" código 2021.1110.0005.0. Plan de investimentos en **Vías Provinciais 2021, Quinta Fase**) Código da Obra: **2021.1110.0005.1**, cun prazo de execución de **4 meses**, polo seu orzamento de contrata de 723.798,44 € que



supón un incremento de **91.340,31 €** respecto ao primitivo que ascendía a 632,458,13 €

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, **EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L. (NIF: B15122104)** as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de **691.951,31€**, o que representa unha diferenza de **87.321,33 €** con respecto ó importe de adxudicación do proxecto inicial que ascendía a 604.629,98 €.
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de **3.608,32 €**, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en **28.593,03 €."**

12.- Aprobación do proxecto Modificado do de Terminación na DP 0510 ensanche, mellora de trazado, afirmado e Senda, tramo: Confurco punto quilométrico 0+000 a Orro punto quilométrico 2+940 (CULLEREDO)), incluída no Plan de Investimentos 2017 primeira fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. "Aprobar o Proxecto “ **REFORMADO TERM DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLERED J)**. Plan de investimentos en Vías Provinciais 2017, **Primeira Fase**” Código da Obra: 2017.1110.0003.110, cun prazo de execución de 12 meses, e un orzamento de contrata de **1.914.506,37 €** que supón un **incremento de 243.085,48 €** respecto ao primitivo que ascendía a 1.671.420,89 €
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, PAVALCO OBRA CIVIL, S.L. (NIF: B70270491) as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un **orzamento de adxudicación de 1.804.613,71 €** o que representa unha diferenza de **229.132,39 €** con respecto ao importe de adxudicación inicial que ascendía 1.575.481,32 €
3. Modificar a contía da **garantía definitiva** que queda **incrementada** na cantidade de **9.468,28 €**, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto **fixada a garantía en 74.570,81 €."**

13.- Aprobación da adhesión da Deputación provincial da Coruña ao acordo marco da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) "AMT-2022-0065: Contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración de licenzas para a ampliación da solución de protección avanzada (EDR) - Endpoint Detection and Response (detección e resposta de ameazas de puntos finais)



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a adhesión da Deputación provincial da Coruña ao acordo marco da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) "AMT-2022-0065: Contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración de licenzas para a ampliación da solución de protección avanzada (EDR) - Endpoint Detection and Response (detección e resposta de ameazas de puntos finais), adxudicado a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A. (A78053147)

2º) Autorizar a adquisición pola Deputación de 1.600 licenzas Cytomic Ionic, Cytomic SIEM Connect e Cytomic Patch para a protección dun equipo, con garantía de 5 anos, nos termos que rexen o dito acordo marco, no prezo unitario de 45,77 euros máis IVE, o que representa un gasto total de 88.610,72 euros, IVE incluído, que poderá financiarse do seguinte modo:

Aplicación orzamentaria 0740/49121/64100: 5.538,17€

Aplicación orzamentaria 0740/49122/64100: 83.072,55€

Documento contable RC 220230054907

3º) Facultar ao Presidente para a realización dos trámites que deriven do presente acordo de adhesión, en particular, para a adxudicación dos contratos baseados no acordo marco, até o límite orzamentario indicado."

14.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación



provincial da Coruña e do Concello de Culleredo **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a **mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Culleredo** para cofinanciar as obras de **“mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro”** cunha achega provincial de **250.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1531/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **54.11953 %** respecto dun orzamento de **461.940,48 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA RÚA ANDRÉS PAN VIEIRO”

Na Coruña, a __ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Culleredo**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na



prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Culleredo** considera de primeira necesidade as obras de **“mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro”**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...A Rúa Andrés Pan Vieiro sitúase na malla urbana do Burgo, polo que conta cun tránsito de persoas moi elevado. Ademais, considerase unha zona de especial importancia polo tránsito de nenos e nenas debido a que no seu extremo Sur localízase o Conservatorio municipal de música de Culleredo, ademais de ser un dos itinerarios naturais que segue a poboación cara ó CEIP Isaac Díaz Pardo, o polideportivo de O Burgo, o campo de fútbol a Lavandeira e o centro de saúde de Acea de Ama, polo que o número de persoas potencialmente beneficiarias do investimento que estamos a solicitar é moi alto.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Culleredo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo con CIF P-1503100-H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“obras de mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Alejandro López Pérez, N^o colexiado 20.349.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.



3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	320.814,27 euros
Gastos xerais 13,00%	41.705,86 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	19.248,86 euros
IVE (21%)	80.171,49 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	461.940,48 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **250.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **54.11953** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **54.11953** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1531/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao



cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):



- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula**



XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na



Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2024**. Dado que a existencia



deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



15.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de ampliación do pavillón municipal de deportes

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Brión **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2.º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Brión para cofinanciar as obras de Ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos cunha achega provincial de **150.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **27,75999 %** respecto dun orzamento de **540.346,08 euros**.

4.º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante



REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Brión**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Brión** considera de primeira necesidade as obras de Ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos
Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...O proxecto de investimento consiste na ampliación do Pavillón municipal de deportes situado na Aldea de Pedrouzos, encostando un volume no lateral longo deste, cara ao colexio IES de Brión, ampliándoo mediante dous volumes. Un desempeñará a función de pavillón deportivo multiusos e outro será unha pérgola de acceso e espera a ambos os edificios, o pavillón existente e a nova ampliación. Este último tamén servirá como zona de espera dos escolares dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, na súa baixada do autobús á chegada ao colexio e no seu abandono do colexio e espera dos autobuses de volta a casa.

O obxecto do proxecto é dotar ao Concello de Brión dun recinto adecuado ou espazo multiusos que puidese, por unha banda, ser sede de competicións deportivas e por outro acoller encontros culturais e sociais de calquera tipo, como concertos ou exposicións. Ademais, servirá de apoio ás instalacións dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, podéndose desenvolver actividades extraescolares ou outras que se necesiten...”



Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Brión** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Brión con **CIF P1501300F**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“obras de Ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución **redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL	375.266,40 €
13,00% Gastos generales.	48.784,63 €
6,00% Beneficio industrial	22.515,98 €
SUMA DE G.G. y B.I.	71.300,61 €
21,00% I.V.A	93.779,07 €
TOTAL PRESUPUESTO CONTRATA	540.346,08 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **150.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **27,75999** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **27,75999** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes



emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.



- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña



telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o



obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

16.- Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a prórroga do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2024 ata o día 31 de decembro de 2024. A liquidación correspondente ao ano 2023 presentarase antes do 31 de marzo do 2024. O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2025, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.



2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de 500.000,00 euros, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de programación ata un máximo de 350.000,00 euros, serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201.
- Os custes de mantemento das instalación que ascenden ata un máximo de 150.000,00 euros. serán imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/21200.
- Os custes por programación propia que teña que asumir a Deputación se imputarán á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699

3º.- Condicionar a eficacia do convenio á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2024. Asemade, condicionar o compromiso asumido para o ano 2025 (posible prórroga), á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios correspondentes."

17.- Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 para modificar a Base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2023, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, e que inclúen a regulación do POS+2024 e do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024

Logo de ver a proposta asinada o 1 e 4 de decembro de 2023 polo Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes e a deputada presidenta da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, para modificar a base 12.4 das reguladoras do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, para corrixir un dos gastos excluídos das solicitudes, adecuándoa ao previsto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

1.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227 do 28 de novembro do 2023, que afecta á parte das Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, e consiste en modificar o derradeiro parágrafo da base 12.4, destinada á regulación dos "gastos excluídos" das solicitudes, da



seguinte forma:

Onde di: “Os gastos de programas ou servizos prestados a través de convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas”

Debe dicir: “Os gastos derivados de subvencións a terceiros”.

2.- Despois de realizar esta modificación da Base 12.4, aprobar o texto das Bases modificadas do POS+ 2024, cuxo texto figura como anexo.

3.- Dispor a exposición pública deste expediente mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”

**BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

“POS+ 2024”

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2024 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE número 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE número 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE número 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha “**achega provincial 2024**” por importe de 24.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2024, posto que desde o ano



2012 a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2024 vaise consignar a cantidade de 24.500.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2024 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2023**” por un importe total de 19.000.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2023 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2023.
- Cunha “**achega provincial 2024 extraordinaria**” por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2024 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2024 extraordinaria ao Plan.

Con isto, o importe total das achegas provinciais destinadas ao financiamento do **POS+2024 e do POS+Adicional 1/2024 ascende a 50.500.000,00 €**, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación
POS+2024	Achega provincial 2024	24.500.000,00
	Achega provincial 2023	19.000.000,00
	Subtotal POS+2024	43.500.000,00
POS+AD 1/2024	Achega extraordinaria 2024 (social)	7.000.000,00
TOTAL		50.500.000,00

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2024, o POS+ 2024 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2024, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2024, 2025 ou 2026 para o financiamento do POS+ 2024. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de



cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2024 continua na liña iniciada no POS+ 2017, que introduciu importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2024, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como doutro tipo, que anteriormente daban lugar a novos Plans.
- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprimense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións sumouse á dotación do POS+ 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, e tamén se suma á do POS+2024, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.

Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.



- **Dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

OBXECTO

Neste POS+ 2024, o mesmo que no POS+2022 e POS+2023, elimínase das Bases o obxecto denominado "Pago a provedores" contemplado nas Bases do POS+2017 ao POS+2021, que obrigaba aos concellos a destinar en primeiro lugar a cantidade asignada neste Plan ao pago das súas débedas con provedores.

Tamén se elimina neste POS+ 2024 o obxecto denominado "Redución da débeda con entidades financeiras", toda vez que tamén se suprime deste Plan o financiamento con cargo a préstamo provincial que existiu ata o POS+ 2023.

Ademais, engádese no POS+2024 un novo obxecto denominado "Redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial" orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2017 ao POS+2023.

Polo tanto, para acadar as finalidades deste POS+ 2024, os concellos poderán solicitar a aplicación das achegas provinciais asignadas aos seguintes obxectos:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar a "achega provincial 2024", ou excepcionalmente a "achega provincial 2023" no suposto previsto no último parágrafo da base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2024 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas bases 2.1 e 5.B.1

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar a "achega provincial 2024" e a "achega provincial 2023" ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL NOS PLANS PAI 2015 E PAI 2016 E POS+ 2017 AO POS+2023.

Poderá destinarse a "achega provincial 2024" e a "achega provincial 2023" á redución da débeda que o concello ten coa deputación orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2017 ao POS+2023.

- GASTOS SOCIAIS

O concello poderá destinar a "achega provincial 2024 extraordinaria" ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na base 12, a través do "POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024".



En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega provincial destinada ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan:

POS + 2024 E POS + ADICIONAL 1/2024		
TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO		
P O S + 2 0 2 4		POS +AD1/2024
ACHEGA PROVINCIAL 2024 (24.500.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL 2023 (19.000.000,00 €)	ACHEGA 2024 EXTRAORDINARIA (7.000.000,00 €)
Gastos correntes devengados no 2024	Gastos correntes devengados no 2024 (Excepción da base 2.1 final)	
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles	
Redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial	Redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial	
		Gastos sociais exercicio 2024

A continuación descríbense os posibles obxectos do POS+2024. Respecto do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios, na base 12 contense a súa regulación específica.

2. 1 Financiamento de gastos correntes (achega provincial 2024 e excepcionalmente achega provincial 2023)

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a “achega provincial 2024” ao financiamento dos seus gastos correntes, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, que se prevé que se devenguen durante o exercicio 2024.

O concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, coa finalidade de poder identificar as principais necesidades dos concellos e que así esta deputación poida orientar a súa actividade e, ao mesmo tempo, para simplificar a tramitación administrativa municipal, evitando a súa dispersión en múltiples obxectos.

Non obstante, para que esta esixencia non prexudique a ningún concello, prevese a posibilidade de que motivadamente se xustifique a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous servizos para utilizar a achega provincial 2024 que considere conveniente, e excepcionalmente a achega provincial 2023 no suposto previsto no derradeiro parágrafo desta base 2.1.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello, sempre que se devenguen no exercicio 2024. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.



Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2024 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Excepcionalmente, os concellos que se atopan nunha situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 175% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poderán destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2024, como a que reciben polo concepto achega provincial 2023, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

2. 2 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2023 e 2024)

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial que aplica a este obxecto, distinguindo segundo se trate de achega provincial 2023 e/ou 2024, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, ao préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro ao que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, ao que foi destinado ao financiamento de investimentos.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluírá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, que poderá servir de base para a aprobación dun posterior Plan Adicional, segundo se describe na base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do Plan Adicional que máis adiante se aprobe para a realización de investimentos financeiramente sostibles e/ou, de manterse a suspensión das regras fiscais,



de gasto corrente, financiado cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, así como cos créditos procedentes do reinvestimento de baixas, anulacións e economías, nos concellos nos que se produzan, realizarase mediante Resolución da Presidencia cando unicamente se inclúan investimentos financeiramente sostibles xa aprobados no Plan complementario ao Plan Base, ou ben mediante acordo plenario cando se inclúan novas solicitudes.

Respecto da aprobación do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, estarase ao disposto na base 12.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

7.1.- Procedementos de adxudicación

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2017 de contratos do sector público mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "simplificadísimo ou simplificado abreviado", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta base.

Se no momento do inicio da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan **ata o 30 de novembro de 2024**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta os prazos de execución previstos na base 8.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2024 ou 2025, esta deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na súa plataforma de tramitación telemática:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo Anexo XIV, debendo indicarse nos investimentos de abastecemento de auga potable nos que sexa deducible o IVE soportado, o importe de IVE deducible que é aplicable a prezo de adxudicación
- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do Acordo ou Resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avaliados
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da



valoración das ofertas

No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

No caso de investimentos de abastecemento de auga potable, cando o IVE soportado sexa deducible, a contía do IVE deducible a prezo de adxudicación virá indicada no Anexo XIV que remitirá o concello, informada pola secretaria municipal, logo de aplicarlle ao IVE deducible a prezo de contrata reflectido no Anexo X b), a porcentaxe de baixa producida e o resto da baixa imputarase en primeiro lugar á achega do concello e posteriormente á achega provincial do xeito indicado no apartado anterior.

7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2024, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000,00 euros (IVE excluído), e inferior a 48.400,00 € (IVE incluído), e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e inferior a 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e inferior a 41.140 € (IVE incluído)	

Valor estimado	Entre 34.000 e inferior a 40.000,00 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e inferior a 48.400,00 € (IVE incluído)	

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada pola Alcaldía ou concellería delegada, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:

- . Denominación, orzamento e prazo de execución
- . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación
- . Prazo e forma de presentación de ofertas
- . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.



- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC
- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2024, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.

Segundo se indica no penúltimo parágrafo da base 8, debe terse en conta que cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano desde a data da súa adxudicación e non poderán ser obxecto de prórroga, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017. A documentación xustificativa da súa execución deberá presentarse nesta deputación no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da acta de recepción.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dársele audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un proxecto modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

Todos os investimentos deberán estar rematados o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen. Neste caso, **o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2026.**

Non obstante, este prazo poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2027 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2026 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao concello, sempre que na dita data xa estivera iniciada a súa execución. Tamén se poderá prorrogar o prazo máximo de execución ata o 30 de novembro de 2027 naqueles investimentos nos que, aínda que non teñan iniciada a súa execución o 30 de novembro de 2026, estean condicionados á obtención de permisos doutras Administracións.



No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2024 ou 2025, esta deputación poderá establecer outras datas para a execución dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que remata o 30 de novembro de 2026 coa mesma excepción indicada no parágrafo anterior.

Non obstante, **cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano desde a data da súa adxudicación e non poderán ser obxecto de prórroga**, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017. A documentación xustificativa da súa execución deberá presentarse nesta deputación no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da acta de recepción, coa finalidade de facilitar o seu seguimento e control por esta deputación, dada a brevidade e simplificación administrativa deste procedemento.

Os importes da achega provincial non executada nos prazos establecidos, ben por ser obras anuladas, ou ben por corresponder a importes non executados de mais de 5.000,00 €, poderán reinvestirse no correspondente concello, xunto cos importes procedentes da aplicación á achega provincial das baixas de licitación, a través do POS+ dun exercicio posterior.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realizase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

9.1 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS III e IV)

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a "achega provincial 2024", ou excepcionalmente a "achega provincial 2023" no suposto previsto no último parágrafo da base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o ano 2024, esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos emitida pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo Anexo III.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2025, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallan, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+2024, e por último a cantidade transferida pola deputación que o concello aplicou concretamente para financiar cada servizo público obrigatorio, segundo o modelo que figura como Anexo IV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá concentrarse en dous servizos obrigatorios, coa mesma excepción que a indicada para a solicitude no cuarto parágrafo da base 5.B.1, e deberá axustarse ao importe da subvención provincial recibida.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.



A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

9. 2 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos.

Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a "acta de comprobación do replanteo" e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados dentro do prazo concedido para a súa execución de acordo co disposto na base 8.

9. 3 Achega provincial destinada á redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial

Cando o concello solicite aplicar achega provincial á redución da súa débeda coa deputación orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no PAI 2015 e 2016 e no POS+2017 ao POS+2023, a deputación realizará as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas para reducir a súa débeda relativa ao préstamo provincial, minorando en primeiro lugar a aplicada no Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.



10.- PUBLICIDADE E COMUNICACION POLOS CONCELLOS DO FINANCIAMENTO DO POS+

Os concellos deberán dar publicidade ao financiamento recibido desta deputación a través do POS+ segundo se indica a continuación, de acordo coas instrucións de execución que se lles enviarán e as que figuren na plataforma Subtel, utilizando os logotipos e modelos de identidade corporativa que se lles facilitarán aos concellos por esta deputación. Deberá acreditarse o cumprimento destas obrigas cando presenten os documentos xustificativos dos distintos obxectos do Plan.

Na páxina de inicio da web oficial do concello incluírase un logotipo ou cartel do POS+, que terá que enlazar cunha páxina onde se detallen os investimentos, gastos correntes ou outros obxectos aprobados en cada Plan.

Se o concello solicitou financiamento para os seus gastos correntes, no caso de aplicar a achega provincial para os gastos de persoal directamente adscrito ao servizo, deberá figurar na súa roupa de traballo o logotipo da deputación, e se non se utiliza roupa específica de traballo, deberá colocarse un cartel ou logotipo nalgún lugar visible da súa área de traballo.

Se o concello solicitou financiamento para realizar obras, segundo se indica na base 9.2, desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Cando se trate de obras en edificios, cando estean rematadas, deberá colocarse unha placa na que se indique o financiamento da deputación. Igualmente, cando se trate de vehículos ou maquinaria adquiridos con cargo ao POS+, deberán rotularse co logotipo da deputación. O concello deberá presentar xunto coa documentación xustificativa unha fotografía para acreditar o cumprimento desta obriga.

En xeral, os investimentos financiados con cargo ao Plan, estarán a disposición da deputación para a súa visita ou inauguración.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos nos termos indicados na base 7 implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto na base

9.1 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o



ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

Para o caso de **pagos realizados ao concello previa certificación de execución de obra ou factura da subministración** aprobada polo órgano competente do concello, de non terse rematada e certificada a execución dun investimento o 30 de novembro de 2026, prazo máximo establecido na base 8, e de ser o caso, no prazo excepcional concedido que expira de xeito improrrogable o 30 de novembro de 2027, procederá a anulación do financiamento do investimento e o concello terá que restituír a cantidade percibida pola execución parcial do mesmo, salvo que segundo o director do investimento a parte executada poida ser considerada obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, en cuxo caso a parte non executada terá a consideración de economía.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

12.- POS+ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 1/2024 para **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2024 (en adiante POS+Adicional 1/2024) que se financiará con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se consignará no Orzamento provincial 2024, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

A actual crise socioeconómica está a deixar unha importante pegada social, que se traduce nun aumento dos niveis de pobreza e exclusión social daqueles colectivos máis vulnerabilizados, como son as unidades de convivencia con persoas menores, persoas maiores, dependentes e/ou con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con trastornos aditivos, mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas.

O POS+Adicional 1/2024 ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2024 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

12.1.- OBXECTO

O POS+Adicional 1/2024 destínase ao financiamento dos seguintes **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2024:



GASTO CORRENTE:

a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

A finalidade é apoiar aos equipos técnicos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir:

- A achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS
- O financiamento do persoal contratado a través do Plan Concertado, xa que correspondería cun gasto corrente.
- O persoal das escolas infantís ou puntos de atención á infancia que non corresponda a persoal de reforzo.

b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite dos 500,00 € por unidade entregada.

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, **e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa**, como servizo de salón de peitado, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.

O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios**: neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios**, non á totalidade do servizo.

Lémbrese que a finalidade do FOPPSS é a estabilidade na prestación do servizo na modalidade de libre concorrencia, mentres que a do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios** é poder responder a necesidades imprevistas e de emerxencia.

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao **servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia**, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.



No informe técnico dos servizos sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados (Anexo XXI) debe desagregarse o gasto de cada un dos servizos, así como indicarse o ano de inicio da actividade e, se é o caso, o número de prazas ampliadas imputadas ao POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

Debe quedar reflectido no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Os servizos e medidas de conciliación comprendidas neste apartado deberán destinarse ás unidades de convivencia cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos. No caso de que os servizos municipais ou as axudas económicas promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación vaian dirixidas á poboación en xeral, serán subvencionables na súa totalidade polo POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios cando se estableza **copago** para as persoas que contan con ingresos suficientes. No caso de non ter establecido o copago, só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados.

e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

O importe non pode ir destinado a cubrir a achega municipal que xa viña aportando o Concello aos dispositivos ou axudas económicas previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios; neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren **imprescindibles e urxentes** para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.

Será preciso xustificar o carácter extraordinario, imprescindible e urxente. Os programas que se veñan desenvolvendo habitualmente non poden considerarse extraordinarios, salvo os iniciados grazas ás anteriores convocatorias do POS+Adicional 1.

Non se consideran obxecto desta subvención comidas, bailes, magosto, excursións, os equipo de protección individual no traballo (EPIS) ou outros de análoga natureza por ser considerados gasto corrente municipal.

g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Nesta tipoloxía compútase o equipamento alugado polo concello coa finalidade de cederlo ás persoas usuarias que carezan de medios económicos suficientes. No caso de que o concello adquira permanentemente ou merque o equipamento entenderase como un gasto de investimento (tipoloxía i).



h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

1. Renda inferior ou igual ao 2 x IPREM de 14 pagas.

Cando a unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:

- 0,5 por cada persoa adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia.
 - 0,75 por cada persoa menor de idade da unidade de convivencia.
2. Todas as persoas da unidade de convivencia con ingresos económicos sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.
 3. Algunha persoa da unidade de convivencia sexa titular da prestación do Ingreso Mínimo Vital en nome propio ou en nome da unidade de convivencia, conforme ao establecido na Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
 4. Percepción da Renda de Inclusión Social de Galicia, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

GASTO DE INVESTIMENTO

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

12.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 financiarase con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se vai consignar no Orzamento provincial 2024, por importe de 5.000.000,00€, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as



asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia.

12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciárase o **luns 11 de decembro de 2023 e rematará ás 15.00 horas do venres 9 de febreiro de 2024**.

O concello deberá presentar neste prazo, por unha banda, unha solicitude xeral coa documentación indicada no apartado A desta base, e por outra, a/s solicitude/s específica/s que corresponda (unha para todas as tipoloxías de gastos correntes e unha por cada tipoloxía de gasto de investimento), segundo os distintos obxectos incluídos na solicitude xeral, coa documentación indicada no apartado B desta base, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases ou na plataforma SUBTEL.

Non se terá en conta a solicitude xeral ("POS+AD1-G.SOC. SOLIC") total ou parcialmente se non ven achegada da súa correspondente/s solicitude/s específica/s (gasto corrente ou gasto de investimento, ou as dúas tipoloxías segundo sexa o caso).

A documentación administrativa será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello.

A Deputación cando detecte erros nos datos gravados na plataforma SUBTEL, con respecto a documentación presentada, modificará de oficio os ditos datos.

A) SOLICITUDE XERAL

Esta solicitude é creada pola deputación de oficio na plataforma SUBTEL, tendo os concellos que cumprimentar os datos da solicitude e achegar a seguinte documentación:

-Certificación do acordo de solicitude (ANEXO XV)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+Adicional 1/2024, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras, solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios e **comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña** en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos financiados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

B) SOLICITUDES ESPECÍFICAS SEGUNDO O OBXECTO

Os concellos interesados deberán achegar xunto coa solicitude xeral a/s solicitude/s específica/s segundo a previsión dos gastos indicados na solicitude xeral. Para iso, deberán entrar na plataforma telemática da deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e premer en ****Nova solicitude****, elixir "POS+AD1-G.SOC. CORRE" ou "POS+AD1-G.SOC. INVES" (ou as dúas), segundo sexa o caso, cumprimentar os datos e engadir a



documentación que a continuación se indica:

B.1) Solicitude gasto corrente

Os concellos deberán facer unha única solicitude específica para todas as tipoloxías de gasto corrente (*a, b, c, d, e, f, g, h*), que conterá a seguinte documentación:

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en gasto corrente 2024 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios de carácter corrente que se devindicarán durante o ano 2024.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

-Informe técnico dos Servizos Sociais municipais para a solicitude do POS+Adicional 1/2024 (ANEXO XVII)

Valoración técnica de que o gasto solicitado é necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables o en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.

B.2) Solicitude gasto de investimento

Os concellos presentarán como máximo dúas solicitudes específicas de gasto para investimento, unha por cada tipoloxía de gasto de investimento (*i e j*) e conterán, cada unha delas, da seguinte documentación:

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en equipamento 2024 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios en equipamento que se devindicarán durante o ano 2024.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluírán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios



en equipamento aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

-Informe técnico dos Servizos Sociais municipais para a solicitude do POS+Adicional 1/2024 (ANEXO XVII)

* No caso da tipoloxía de gasto i da base 12.1, os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para as persoas usuarias dos programas de servizos sociais.

* No caso da tipoloxía de gasto j da base 12.1, os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para o uso dos departamentos técnicos de servizos sociais municipais.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da descrición dos gastos sociais en equipamentos (ANEXO XVIII)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVIII a estas Bases, no que se conteña a descrición dos equipamentos solicitados, referidos na base 12.1 nas tipoloxías de gastos de investimento i. e j., así como as unidades a adquirir e os seus importes.

- Prego de prescricións técnicas ou orzamento desagregado dos equipamentos

Prego da subministración. Obrigatorio, cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante procedemento aberto e terá o contido establecido na Base 5.B.2.1 apartado subministracións.

Orzamento desagregado. Admitirase só cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante aprobación de gasto ou contrato menor. O contido mínimo é o seguinte: definición dos distintos elementos da subministración, os prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o importe sobre o valor engadido (IVE).

Gastos excluídos:

Os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

Os gastos de investimentos para uso xeral que non encaixen nos apartados sinalados.

Os gastos derivados de subvencións a terceiros

Os gastos de programas ou servizos de carácter sanitario.

Os gastos sociais xa indicados en cada tipo de obxecto da base 12.1.

12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 1/2024 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6,



e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

Os gastos de investimento aboaranse logo da súa xustificación de acordo co establecido na bases 12.6, 12.7 e 12.9 do POS+Adicional 1/2024.

Tendo en conta a natureza e as características deste POS+Adicional 1/2024, destinado a gastos sociais extraordinarios, a súa aprobación poderá realizarse antes da aprobación do POS+2024 Base.

12.6.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Procedemento de adxudicación

Os gastos de investimentos das tipoloxías de gasto i. e j. da base 12.1 contrataranse de acordos coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Non obstante, os concellos poderán utilizar para estes fins o procedemento de contrato menor, de tal modo que a selección do contratista realizárase do seguinte xeito:

Valor estimado	Inferior a 8.000 € IVE excluído	Presentación de factura
Valor estimado	De 8.000 a 14.999,99 € IVE excluído	Consulta polo menos a tres empresas ou publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación

En canto ao prazo para adxudicar, os concellos poderán adxudicar os investimentos ata o **30 de novembro de 2024**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen.

En canto as baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial.

12.7. EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao pregos de prescricións ou orzamentos da subministracións presentados coa solicitude. Excepcionalmente, previa solicitude debidamente xustificada, poderase admitir modificacións dentro da mesma tipoloxía de gasto de investimentos (i ou j da base 12.1).

No caso de que a modificación sexa entre as distintas tipoloxías de gastos de investimentos (i e j), esta tramitarase segundo o disposto na base 8.

Os investimentos deberán estar rematados na data límite de xustificación indicada na base 12.9. Excepcional e motivadamente, poderase solicitar, ata o 28 de febreiro de 2025, prórroga para a execución dos investimentos. Os concellos aos que se lle conceda a prórroga



poderán executar o investimento ata a data límite de **30 de setembro de 2025**. Este prazo non poderá ser prorrogado.

No caso de que a achega solicitada vaia destinada á adquisición dun vehículo, deberase rotular o vehículo nos catro costados co texto “Vehículo subvencionado pola Deputación da Coruña” incluíndo o logotipo da Deputación Provincial da Coruña cun tamaño mínimo de 700 mm x 291 mm.

O rótulo manterase durante toda a vida útil do vehículo e farase de acordo coas seguintes indicacións:

Para que este documento sexa válido deberá estar asinado polo/a secretario/a da entidade local e polo/a representante da entidade local



18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco", do Concello de Narón, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0396.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Narón do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0396.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do Concello de Narón conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN
Narón	2022.2102.0396.0	Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco	128.346,76	0,00	128.346,76	Autorización de Augas de Galicia

Logo de ver que mediante Resolución desta Presidencia número 51306 do 7 de decembro de 2022 considerouse cumprida a condición singular á que foi sometido este investimento e aprobouse definitivamente dentro do plan, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

Logo de presentar o Concello de Narón un proxecto modificado deste investimento, que xa está adjudicado, asinado dixitalmente o día 16 de outubro de 2023 polo arquitecto técnico, José M. Saavedra Pantín, cun orzamento de 153.970,94 €, o que supón un incremento de 25.624,18 € con respecto ao inicial, que é asumido polo concello, que se modifica debido a



circunstancias imprevistas e sobrevidas unha vez iniciados os traballos que fan necesario unha actuación e resolución urxente, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 21 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco", do Concello de Narón, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0396.0, cun orzamento de contrata de 153.970,94 €, que xa está adxudicada, que foi aprobado para facer fronte a circunstancias imprevistas e sobrevidas unha vez iniciados os traballos que fan necesario unha actuación e resolución urxente, que conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e co informe de supervisión favorable emitido o 21 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sendo o seu cadro de financiamento o que se indica a continuación:

Proxecto modificado Concello de Narón "Mellora e ordenación do aparcadoiro no estadio de Río Seco" Código 2022.2102.0396.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	
Deputación	128.346,76	128.346,76	128.346,76	128.346,76	0,00
Concello	0,00	0,00	25.624,18	25.624,18	25.624,18
Total	128.346,76	128.346,76	153.970,94	153.970,94	25.624,18

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Narón asume integramente o incremento do orzamento do proxecto modificado segundo consta no certificado asinado o día 1 de decembro de 2023 polo interventor substituto do concello, Pablo Freijomil Ojea e co visto e prace da alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, onde indica a existencia de crédito orzamentario por importe de 25.624,18 € para facer fronte ao dito incremento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Narón para os efectos oportunos."

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol", do Concello de Oleiros, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional



2/2022, co código 2022.2102.0407.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oleiros do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0407.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do concello de Oleiros conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Oleiros	2022.2102.0407.0	Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol	418.635,05	0,00	418.635,05

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto modificado deste investimento, que xa está adxudicado, asinado dixitalmente o día 4 de agosto de 2023 polo arquitecto técnico municipal, Jose Luis Jares Vázquez, cun orzamento de adxudicación de 446.710,95 €, o que supón un incremento de 53.194,75 € con respecto á inicial, que principalmente supón o ensanche da plataforma da calzada e a disposición de novas beirarrúas, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 23 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da



Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol", do Concello de Oleiros, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0407.0, cun orzamento de adxudicación de 446.710,95 €, que foi aprobado principalmente para ensanchar a plataforma da calzada e para dispoñer de novas beirarrúas dando resposta así á petición de varios veciños da zona afectada, que conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e co informe de supervisión favorable emitido o 23 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sendo o seu cadro de financiamento o que se indica a continuación:

Proxecto modificado Concello de Oleiros "Acondicionamento da rúa Subiña e acceso ao novo campo de fútbol" Código 2022.2102.0407.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA SOBRE ADXUDICACIÓN
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	
Deputación	418.635,05	393.516,20	418.635,05	393.516,20	0,00
Concello	0,00	0,00	56.590,26	53.194,75	53.194,75
Total	418.635,05	393.516,20	475.225,31	446.710,95	53.194,75

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Oleiros asume integramente o incremento do prezo de adxudicación do proxecto modificado segundo consta no informe do Servizo de fiscalización do concello, asinado polo interventor municipal, Vicente José Calvo del Castillo, o día 27 de outubro de 2023.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oleiros para os efectos oportunos."

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa", do Concello do Pino, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0435.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa", do Concello do Pino, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0435.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, o seguinte investimento do Concello do Pino cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
O Pino	2022.2102.0435.0	Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa	85.154,02	0,00	85.154,02

Logo de ver que o Concello do Pino, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2023 adjudicoulle a obra á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., co NIF B15608193, no prezo de 85.000,01 €, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar

Logo de presentar o Concello do Pino un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 17 de novembro de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos e director da obra, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan, que está adjudicado e totalmente pendente de certificar e que foi aprobado polo concello mediante o Acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2023, coa conformidade do representante da empresa adjudicataria, coa finalidade de introducir no proxecto variacións puntuais que, non alterando o obxecto inicial da obra e non sendo substanciais, son indispensables para garantir a durabilidade, conservación e limpeza da obra, tras constatar a existencia de gran cantidade de auga de escorrenta que circula cara a zona da implantación do módulo

Logo de presentar o Concello do Pino os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado e xustificar o cumprimento do preceptivo trámite de conformidade do contratista

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido o 20 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP número 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa", do Concello do Pino, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0435.0, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar e que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista, coa finalidade de introducir no proxecto variacións non substanciais pero indispensables para garantir a durabilidade, conservación e limpeza da obra, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial e sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello do Pino Código 2022.2102.0435.0 "Módulo exterior de atletismo e mellora do acceso ao campo de fútbol de Vilaboa"	Achega deputación	85.154,02	85.000,01	154,01	0,00	85.000,01
	Achega concello	00,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	85.154,02	85.000,01	154,01	0,00	85.000,01

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello do Pino para os efectos oportunos."

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na rúa Rosalía de Castro número 6", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2100.0047.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na rúa Rosalía de Castro número 6", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2100.0047.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Rianxo	2022.2100.0047.0	Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na rúa Rosalía de Castro número 6	171.432,87	0,00	171.432,87

Logo de ver que o Concello de Rianxo, mediante Resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023, adxudicoulle a obra á empresa DEPURACION, MANTENIMIENTO E INSTALACIONES,S.L., co NIF B36627180, no prezo de 164.301,29 €, que minoran a achega provincial inicial, e que no día de hoxe está totalmente pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Rianxo por Resolución da Alcaldía de data 30 de novembro de 2023 un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 24 de novembro de 2023 polo arquitecto Amancio Losada Vicente, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento total de contrata superior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, coa finalidade de modificar a solución de desmontaxe da cuberta e canalón existentes, segundo necesidade posta de manifesto unha vez iniciadas as obras coa desmontaxe da cuberta actual ao comprobarse que a realidade difería do proxecto, xa que se contaba conque a cuberta existente fora dunha soa capa cando na realidade estaba formada por varias capas, repercutindo esto na partida prevista para o dito concepto de desmontaxe de cuberta e canalón.

Logo de presentar o Concello de Rianxo os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado, xustificar o cumprimento do trámite de conformidade do contratista e acreditar que o concello asume o financiamento do incremento do prezo de adxudicación por importe de 9.956,90 €

Tendo en conta que consta tamén no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 30 de novembro de 2023 polo SATM desta deputación en relación co proxecto modificado asinado dixitalmente o 24 de novembro de 2023

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial



da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na rúa Rosalía de Castro número 6", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0047.0, asinado dixitalmente o 24 de novembro de 2023 polo arquitecto Amancio Losada Vicente, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar e que foi aprobado polo Concello de Rianxo, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do adxudicatario, coa finalidade de modificar a solución de desmontaxe da cuberta e canalón existentes, segundo necesidade posta de manifesto unha vez iniciadas as obras coa desmontaxe da cuberta actual, tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial, así como un incremento do prezo de adxudicación, que é asumido integramente polo Concello de Rianxo, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Rianxo Código: 2022.2100.0047.0 "Cambio de cuberta de pavillón polideportivo municipal da parroquia de Rianxo na r/ Rosalía de Castro número 6"	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	171.432,87	164.301,29	164.301,29	164.301,29	0,00
Concello	0,00	0,00	17.520,70	9.956,90	9.956,90
Total	171.432,87	164.301,29	181.821,99	174.258,19	9.956,90

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Rianxo para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

22.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)" do Concello de Carballo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0134.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)" do Concello de Carballo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0134.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Carballo	2022.2000.0134.0	Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)	142.639,07	0,00	142.639,07

Logo de aprobar o Concello de Carballo, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado o 27 de outubro de 2023 polo enxeñeiro técnico municipal José Manuel Facal Fariña, que xa redactaran o proxecto inicial incluído no Plan, cun orzamento total de contrata superior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos de man de obra e de materiais previstos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede novamente deserta, mantendo inalterable o resto do proxecto, polo que seguen sendo válidas as autorizacións incorporadas ao expediente con respecto do proxecto inicial

Logo de presentar o Concello de Carballo o informe da viceinterventora relativo a que se habilitará crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal do 2024 para facer fronte a achega municipal a este proxecto modificado

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 5 de decembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP número 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:



1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)" do Concello de Carballo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0134.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Carballo, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede novamente deserta, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Carballo, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Carballo "Mellora da capa de rodadura no vial dende As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)" Código 2022.2000.0134.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	142.639,07	142.639,07	0,00
Concello	0,00	65.027,16	65.027,16
Total	142.639,07	207.666,23	65.027,16

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carballo para os efectos oportunos."

23.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2023 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

25.- Aprobación das bases para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións de tráfico do Concello de Santiago de Compostela e a aceptación da devandita delegación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar as bases que regulan a delegación que o Concello de Santiago de Compostela realiza na Deputación das facultades en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as ordenanzas municipais sobre tráfico viario, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que sexan instruídas polos órganos competentes do concello.

BASES PARA A XESTIÓN POR DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello de Santiago de Compostela, as competencias en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de Vehículos de motor e seguridade viaria, as ordenanzas municipais sobre tráfico viario, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que foran instruídas polos órganos competentes do Concello.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sancións municipais especificadas na Base Primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de prema previamente ditadas polo Tesoureiro do Concello de Santiago de Compostela e remitidas por este ao Servizo de Recadación da Deputación. A estes efectos deberá enviarse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que se acorde polas dúas administracións, que conteña a información necesaria para que poida levarse a efecto a xestión obxecto de delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de conformidade co previsto na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de tráfico e seguridade viaria.

En particular, será competencia da Deputación:

- a.- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- b.- A declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- c.- A suspensión, nos supostos previstos na normativa de aplicación, do procedemento de prema.
- d.- O desenvolvemento e execución do expediente de prema desde o seu inicio coa



notificación da providencia de premeta a súa terminación, sexa esta por cobro, insolvencia ou calquera outro dos motivos legalmente establecidos.

e.- A práctica de embargos.

Corresponderá á Tesourería do Concello de Santiago de Compostela:

a.- Ditar e emitir a providencia de premeta.

b.- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de premeta.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que se determinen, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá a estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos; pendente de cobro do ano anterior; rectificacións de cargo, cobros e datas; devolucións de ingreso, e pendente de cobro para o ano seguinte.

CUARTA.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Tanto o Concello de Santiago de Compostela, como a Deputación da Coruña tratarán os datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, de acordo ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (en diante, RXP), e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPDGDD).

O Concello de Santiago de Compostela ten, en relación cos datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, a consideración de Responsable do Tratamento a efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A Deputación Provincial da Coruña ten a consideración de Encargada do Tratamento para os efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos, tal e como sinala a súa Política de Privacidade aprobada por Resolución 38303/2018 (modificada pola Resolución 27803/2019), ao tratarse dun tratamento de datos que son facilitados polo Concello de Santiago de Compostela para o exercicio de actividades de asistencia e asesoramento en desenvolvemento das facultades delegadas en materia de recadación executiva das sancións municipais de tráfico.

De conformidade cos artigos 28 e 33 da LOPDGDD, considéranse medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir e acreditar que o tratamento a realizar pola Deputación Provincial da Coruña como encargada do tratamento é conforme co antedito RGPD, coa LOPDGDD e demais normativa de aplicación, o cumprimento pola mesma da súa Política de Seguridade da Información e as normas técnicas de seguridade e de uso que a desenvolven, así como a súa Política de Privacidade, sendo suficientes para combater os maiores riscos que puidesen producirse ao tratarse dun tratamento masivo que implica a un gran número de afectados e implica a recollida e tratamento dunha gran



cantidade de datos persoais.

A Deputación da Coruña, como encargada do tratamento asumirá, mediante a aceptación da delegación, todas as obrigacións establecidas no art. 28.3 do RGPD.

QUINTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS

A taxa a aboar polo Concello de Santiago de Compostela pola xestión realizada obxecto de delegación nestas Bases, será o equivalente á totalidade do recargo do período executivo que corresponda (10 ou 20%) relativa ás sancións que foran efectivamente recadadas.

SEXTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS

A recadación líquida obtida a favor do Concello de Santiago de Compostela, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. En dita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de conformidade co previsto na base anterior.

SÉTIMA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas Bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor da mesma.

Sen embargo poderase dar fin a dita delegación en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

OITAVA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación das competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

1º.- Acordo de delegación de competencias e aprobación destas Bases adoptado polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado do mesmo á Deputación, mediante certificación expedida polo Secretario Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

3º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aprobando as Bases e aceptando a delegación nos termos das mesmas.

4º.- Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos do primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na Base anterior. A delegación poderá afectar á xestión executiva daquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que estando en vía executiva na data en que se entreguen á Deputación o prazo para a prescrición non sexa inferior a seis meses.



DÉCIMA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habilitase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación.

2º.- Aceptar a delegación acordada polo Concello de Santiago nas condicións establecidas no devandito acordo e nestas bases para a delegación.

3º.- Publicar estes acordos no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento."

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Baña respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de A Baña, adoptado na sesión plenaria do 30 de novembro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Negreira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Negreira, adoptado na sesión plenaria do 13 de novembro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

28.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Padrón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Padrón, adoptado na sesión plenaria do 30 de novembro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

29.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Santa Comba respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Santa Comba, adoptado na sesión plenaria do 24 de novembro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

30.- Aprobación da prórroga do convenio coa Asociación de Concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude da Asociación de Concellos do Camiño Inglés do 25 de outubro de 2023 na que se solicita a prórroga do convenio nº 108/2022 entre a asociación e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS " .

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 31 de outubro de 2023, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes da devandita data.

ANTECEDENTES



- No trámite correspondente á financiación por parte da Deputación das obras de "Mellora e posta en valor do camiño inglés", asinouse convenio 108/2022 en data 18 de novembro de 2022, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de outubro de 2023.

- O día 25/10/2023, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achegou pola plataforma SUBTEL documento de solicitude de prórroga, respetando a vixencia final do mesmo, aportando un informe onde motiva a solicitude da mesma:

** A solicitude de prórroga está motivada pola demora na licitación das obras por parte da propia Deputación da Coruña e posterior xestión administrativa e licitación por parte da Asociación de Concellos do Camiño Inglés. Na actualidade están adxudicados e formalizados os contratos de execución das obras correspondentes aos tres lotes do proxecto á espera de iniciarse os traballos oportunos*.*

- A cláusula XIII do convenio 108/2022 establece que:

*"2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de outubro de 2023, deberá solicitar **antes desta data**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, perderá o dereito ao obro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data."*

A ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS solicita a prórroga do convenio 108/2022 en data 25 de outubro de 2023, dentro da data límite establecida no convenio para a posible prórroga.

- De igual xeito, no acordo de aprobación do texto do convenio do 18 de novembro de 2022 produciuse un erro formal no corpo do acordo no relativo á vixencia do mesmo, onde se indicou un vencemento do 31 de xaneiro de 2024, cando debería ser o 31 de outubro de 2023 que é o correctamente incluído na proposta do convenio e o que finalmente foi asinado no dito convenio 108/2022.

2. Corrixir o acordo plenario número 21 de 28/10/2022 onde se produciu un erro formal na data de vixencia do convenio no corpo do acordo, de tal xeito que onde dicía;

"A cláusula XIII modifícase no prazo de execución dos gastos devengados, establecéndose desde o día 1 de maio de 2021 ata o 31 de outubro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con



anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xaneiro de 2024; a data de vixencia anterior era o 31 de outubro de 2022"

debería dicir;

A cláusula XIII modifícase no prazo de execución dos gastos devengados, establecéndose desde o día 1 de maio de 2021 ata o 31 de outubro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2023; a data de vixencia anterior era o 31 de outubro de 2022"

3. Prorrogar a vixencia do convenio segundo a solicitude da entidade achegada o 25 de outubro de 2023, dentro do prazo establecido a tal efecto, é dicir:

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2024**

- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2024"**

31.- Aprobación de adenda ao convenio entre a Deputación da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento das "Actuacións de promoción turística na provincia da Coruña"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar a inclusión a adenda ao convenio entre a Deputación da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento das "ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA".

2º O texto da adenda é o seguinte, que queda incorporado na cláusula segunda do convenio asinado electrónicamente polo Director da Axencia e o Vicepresidente da Deputación en data 21 de setembro de 2023 e emenda o erro advertido na devandita cláusula.

Onde di:

"Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña xerarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004."

Debe dicir:

"Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ampliarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004."



32.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura marítima e fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023" consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.

Conxuntamente coa xuntanza de embarcacións, Culturmar promove unha serie de actividades encamiñadas a todas as persoas participantes, tanto ás tripulacións e delegacións inscritas, como á veciñanza da vila anfitrioa ou, finalmente, ao público en xeral. O Encontro dinamiza sectores como o de servizos (hostalaría e restauración), a carpintería de ribeira, a velaría, os efectos navais, artesáns, e, sobre todo, na medida en que se está a protexer, conservar e divulgar o Patrimonio Marítimo Galego, potenciando os atractivos turísticos das comunidades da beiramar axudando a un turismo sostíbel, tal e como recomendan as directrices en marcha na Unión Europea.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL CIF G36231561 para financiar o proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023"

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os



seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 100.000,00 euros cunha porcentaxe de financiamento do 70,4225 %. sobre un orzamento total de 142.000,00 €

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de difusión do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023 que consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FEDERACION



GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL**, CIF G36231561, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>PARTIDA / CONCEPTO DE GASTO</i>	<i>TOTAL €</i>
LOXÍSTICA NO MAR	16.764,68 €
Gasto de combustible para embarcacións auxiliares e de apoio ás navegacións	300,00 €
Servizo de guindastre para botadura embarcacións participantes	607,00 €
Navegación inaugural e o mar para todos na embarcacións Joaquín Vieta	600,00 €
Instalación de 3 liñas de fondeo e 72 amarres, perímetro navegación crianzas e pantalán embarque	9.559,00 €
Construcción 5 zocas para actividades de navegación das crianzas	3.594,61 €
Material diverso para seguridade marítima	104,07 €
Servizo de fondeos	2.000,00 €
LOXÍSTICA EN TERRA	37.749,11 €
Aluguer furgoneta para transporte material	733,51 €
Gasto de combustible	300,00 €
Transporte liteiras para pernocta tripulantes en pabillón (Sada – Narón)	2.069,10 €
Transporte elementos expositivos	800,00 €
Aluguer dotación: carpas, haimas, mobiliario, tabiques, megafonía, wc, escenario concertos, grupo electróxico...	31.376,50 €
Servizo de limpeza diaria durante o evento	2.000,00 €
Servizo de limpeza de carpas propias	170,00 €
Material de ferretería diverso destinado á montaxe da loxística do XVI Encontro	300,00 €
ACTIVIDADES CULTURAIS E ACTUACIÓNS MUSICAIS	39.742,30 €
CONCERTOS	25.876,00 €
Actuación musical Os d' Abaixo	3.509,00 €
Actuación musical Lenda Artabra	800,00 €
Actuación musical Habelas Hainas	2.299,00 €
Actuación musical Faltriqueira	3.300,00 €
Actuación musical Bule Bule Band	968,00 €
Producción técnica concertos, iluminación e son	15.000,00 €
ENCANTRO INFANTIL	8.914,30 €
Ludoteca Infantil: Obradoiros tradicionais en madeira (inclúe monitores)	1.815,00 €
Material para obradoiro infantil de nós mariñeiros (confección táboas explicativas)	251,80 €
Actuación infantil O Mago Paco co espectáculo Hocus Pocus	907,50 €
Actuación infantil Natalia Outeiro co espectáculo A vida Tola	1.149,50 €
Espectáculo de teatro Ghazafellos A Illa sen Tesouro	1.100,00 €
Actuación infantil Rilo&Penadique co espectáculo As do Mare	968,00 €
Obradoiro de música tradicional Debulla e Bulla	786,50 €
Obradoiro construción barquiños con madeiras á deriva	181,50 €
Actuación infantil Tropa de Trapo co espectáculo Barquiño de Pau	1.028,50 €
Actuación infantil Brais da Horta co espectáculo Consertasso na Horta	726,00 €
ANIMACIÓN DE RÚA	1.500,00 €
Pasarúas diaria música tradicional	1.500,00 €
EXPOSICIÓNS	600,00 €



Exposición de temática mariñeira	600,00 €
TALLERES E OBRADOIROS	2.852,00 €
Obradoiro de redeiras tradicional no marco do XVI Encontro	1.400,00 €
Obradoiros de cestería tradicional	1.452,00 €
SEGURIDADE NO EVENTO	8.171,44 €
Servizo de vixancia privada durante o XVI Encontro	6.369,44 €
Elaboración e implantación do Plan de autoprotección XVI Encontro	1.452,00 €
Prima seguro accidentes de participantes roteiros	150,00 €
Prima seguro accidentes de voluntariado XVI Encontro	200,00 €
HOSPEDAXES	4.360,00 €
Hospedaxe organización e convidados evento	4.360,00 €
ARTES GRÁFICAS E IMPRENTA	14.620,80 €
Confección e seregrafiado camisetas tripulación/voluntariado e organización evento	4.368,10 €
Gallardetes- banderíns náuticos identificativos embarcacións participantes	1.069,64 €
Lona gran formato 6*2 e photocall con peana 3*2 evento	566,99 €
Impresión programación	654,32 €
Cartelería A3 XVI Encontro	211,75 €
Deseño e confección recordo conmemorativo para embarcacións participantes	1.893,00 €
Maquetación e impresión flyer + roller promocional evento	513,61 €
Deseño imaxe oficial e desenvolvemento aplicacións evento	2.252,50 €
Maquetación e impresión publicación Vida Mariñeira de Sada	2.813,78 €
Impresión sinalética XVI Encontro	277,11 €
PUBLICIDADE, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO EVENTO	11.812,91 €
Páxina web XVI Encontro (deseño, xestión e actualización)	1.061,30 €
Creación vídeo promocional e publicitario XVI Encontro	605,00 €
Filmación navegación convoi rumbo XVI Encontro	1.200,00 €
Grabación, creación e montaxe de vídeo XVI Encontro (inclúe grabación aerea dron)	2.363,00 €
Campaña de publicidade en medios de comunicación	2.469,61 €
Plan de comunicación e publicidade do XVI Encontro- xornalista	4.114,00 €
GASTOS DE PERSOAL AO SERVIZO DO EVENTO	5.678,76 €
Persoal contratado ao servizo do XVI Encontro Embarcacións Tradicionais xuño-agosto (nómina + seg.social)	5.678,76 €
OUTROS APROVISIONAMENTOS, GASTOS VARIOS E OUTROS SERVIZOS	3.100,00 €
Suministros e aprovisionamentos varios destinados ao desenvolvemento do XVI Encontro	271,95 €
Creación e xestión de plataforma para reservas online de aloxamento colectivo tripulantes	889,35 €
Mantemento programa evento, reconstrucción e configuración terminais impresión	96,80 €
Teléfono (terminal) organización: responsables voluntariado / loxística mar	249,38 €
3 Parellas de Walkies Motorola para coordinación voluntariado no evento	395,67 €
Reparación impresora exposición Fasquía 3D	199,65 €
Monitor 50" para proxeccións videos e films cultura mariñeira durante o evento	320,00 €
Outros servizos	677,20 €
TOTAL GASTOS	142.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,4225 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,4225 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación



orçamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá solicitar polo menos tres orçamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores



co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa



Seguridade Social.

- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da



Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, _____ O Representante da ASOCIACION _____

A Secretaria Provincial"

33.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confraria de Pescadores e Mariscadores de Ferrol para financiar "Exaltación da vieira da Ría na celebración das festas patronais da "Virxe da Parrocheira" Ferrol 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu



regulamento e no capítulo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019). Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL ten como obxecto, segundo se desprende da memoria presentada pola entidade:

- A Exaltación da Vieira na Ría de Ferrol.

- Fomentar a venda directa de vieiras por parte da Confraría que como resultado axuda aos intereses económicos e sociais dos membros da Confraría.

- Por en valor, o traballo dos mariscadores e mariscadoras da Ría de Ferrol.

- Dar visibilidade ao proceso de comercialización e transformación das vieiras fomentando o exercicio dun comercio responsable que garante a cualidade, as trazabilidades e a identificación dos produtos.

Coa celebración da Festa da Virxe da Parrocheira na que participa a Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol ofrecen actividades onde queda reflectida a antiga tradición mariñeira así como música tradicional, degustacións gastronómicas etc que non só chegan aos ferroláns senon a toda a cidadanía, con visibilidade na prensa, TV, redes sociais etc.

A apreciación da excepcionalidade xa incorporada no presente informe deberá ser avaliado polo Pleno provincial en base a ese interese público e provincial e motivará o outorgamento da subvención á entidade CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a **CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL** para financiar o proxecto “Exaltación da vieira da ría na celebración das festas patronais da “Virxe da Parrocheira” en Ferrol días 8, 9 e 10 de setembro de 2023”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 14.180,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 70,79381 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/415/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e a



CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o
Provincial de A Coruña,

en representación da Excma. Deputación

Doutra parte, en representación da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.. CIF G-15035116, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Exaltación da vieira da ría durante a festa da virxe de "A Parrocheira" en ferrol os días 8, 9 e 10 de setembro de 2023".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
SUMINISTRO DE VIEIRAS 1.500 KG	7.755,00 €
SERVIZOS ENVICESRADO CENTRO AUTORIZADO	4.950,00 €
OUTROS PRODUTOS ALIMENTACIÓN	1.100,00 €
PUBLICIDADE: Cartelería, banderolas, camisetas, gorral manteis, mandis bolsas...	4.235,00 €
Profesionais externos, deseño, organización evento, vixilancia, luz agua:	
SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL	175,00 €
OUTROS SERVIZOS EXTERNOS	1.815,00 €
TOTAL IVE INCLUIDO	20.030,00 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **14.180,00**, o que representa unha porcentaxe de 79,381%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/415/481**, na que está supeditado á existencia de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.,deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do



financiamento provincial da actividade ou proxecto subvenionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL..

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., unha vez que presenten a seguinte documentación:

1º.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o segundo semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o segundo semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á



CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL.), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o



CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado).

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado)

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado)

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFRARIA DE PESCADORES E



MARISCADORES DE FERROL., será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de maio do ano 2024**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.

2. A CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL. deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2024**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFRARIA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL., respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de .

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
CONFRARIA DE PESCADORES E
MARISCADORES DE FERROL."

34.- Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración coa Fundación para a promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e a súa área de influencia, para financiar o proxecto "Creación e posta en marcha dunha oficina de promoción industrial da Coruña e da súa área de influencia", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e a súa Área de Influencia, para cofinanciar o proxecto "CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL DA CORUÑA E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA", na anualidade 2023, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e a súa Área de Influencia", CIF G-67972794, para regular a achega de 37.000,00€ para cofinanciar o proxecto "CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA", cun orzamento subvencionado de 100.500,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 36,81592 %.
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220230055131, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de xuño de 2024
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PARA A PROMOCIÓN TECNOLÓXICA E INDUSTRIAL DA CORUÑA E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA, PARA FINANCIAR O PROXECTO "CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL DA CORUÑA E DA SÚA ÁREA DE INFLUENCIA, NO MARCO DO PLAN



DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2023.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e da súa Área de Influencia

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

I. Que a Deputación da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 7/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, no artigo 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “La cooperación en el fomento del desarrollo económico y social...de acuerdo con las competencias de las demás Administraciones Públicas en este ámbito”

II. Que a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e da súa Área de Influencia, é unha fundación de interese público galego, inscrita no Rexistro de Fundacións de Galicia, que se rexe pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais lexislación concordante, que ten como finalidade o favorecemento do desenvolvemento tecnolóxico e industrial da área da Coruña, a revitalización do atractivo da área para a localización de iniciativas empresariais con potencial innovador e de crecemento, a promoción da proactividade na atracción de investimentos tecnolóxicos e industriais na área e o impulso das potencialidades das persoas físicas, xurídicas e administracións públicas para xerar proxectos conxuntos de natureza tecnolóxica e industrial.

III. Que a Deputación da Coruña entende que o desenvolvemento da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e a súa Área de Influencia, en atención a que entre os seus fins atópanse favorecer o desenvolvemento tecnolóxico e industrial da área da Coruña, así como mellorar a súa capacidade da área como receptora de investimentos industriais e impulsar proxectos conxuntos de entres públicos e privados de natureza tecnolóxico- industrial, entre outros, é de interese xeral para o conxunto da nosa comunidade.

IV. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Fundación, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial, NIF G-67972794, para o financiamento do proxecto “Creación e posta en marcha dunha Oficina de Promoción Tecnolóxica e Industrial da Coruña e da súa área de influencia”, cuxo obxectivo consiste en abordar de maneira proactiva a promoción e atracción de investimentos cara á área e reforzar o sector industrial como peza clave para o desenvolvemento dunha economía moderna e xeración de emprego na provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial, levará a cabo as seguintes actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	77.500,00€
Soldos e salarios de persoal imputado ao proxecto	58.900,00€
Seguridade Social a cargo da entidade	18.600,00€
GASTOS XERAIS	23.000,00€
Compras de bens (funxibles) destinados á actividade	3.000,00€
Publicidade e propaganda	10.000,00€
Comunicacións (correos, teléfono, internet, aloxamento web, etc)	6.000,00€
Outros aprovisionamentos	4.000,00€
TOTAL	100.500,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **37.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do 36,81592% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 36,81592% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe



crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

3. No caso de que a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54^a das de execución do Orzamento para o ano 2023, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:



a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondo para atender a actividade Oficina de Promoción Tecnolóxica e Industrial". Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial , pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a



seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscriba polo representante legal da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de marzo de 2023 e ata o 31 de marzo de 2024**.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos



xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de



colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados **dende o día 1 de marzo de 2023 e ata o 31 de marzo de 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño de 2024**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de xuño de 2024**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación



poderá aprobar a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2024**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o presidente da Fundación para a Promoción Tecnolóxica e Industrial, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Pola Fundación para a
Promoción Tecnolóxica e Industrial

Asdo:

Asdo:"

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS**

Sr. Presidente

Moi ben. Hai unha moción presentada fóra orde do día que hai que ratificar e despois pasar á súa aprobación.

Ratificamos primeiro a urxencia.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Rioboo Castro

Simplemente trátase dunha alegación presentada por unha representante da Unión Sindical Obreira que non reúne os requisitos como tal, como alegación; trátase dunha apreciación que fai sobre a temporalidade dos traballadores do Consorcio de Bombeiros e determinados matices acerca do concepto dos propios traballadores, de se son fixos, non fixos, etc., e pídese informe a Intervención porque entra dentro de prazo, e considera que non entra dentro dos preceptos que hai e dos motivos que hai para presentar alegacións a un orzamento, co cal o informe de Intervención é desfavorable a esa alegación, polo cal procedería a aprobación definitiva do presuposto.

Sr. Ben Otero

Buenos días. Nosotros simplemente nos vamos a abstener; no por una cuestión de fondo, porque nos llegó ayer y tampoco hemos tenido tiempo de verlo en profundidad, no conocer demasiado y en todo caso nunca haríamos nada para evitar que el presupuesto entre en vigor el próximo 1 de enero, que es lo que procede. En consecuencia, nuestra abstención en este caso, por falta de conocimiento y profundidad del expediente va a ser facilitadora.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

Sr. Presidente

Ti por saír en roxo non sabes que facer.

Quedan aprobados os orzamentos de 2024.

ACORDO

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción relativa a proposta de desestimación á reclamación presentada e aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio 2024 e das súas Bases de Execución.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar o Orzamento do exercicio 2024 e as súas Bases de Execución suporía pospor a execución do mesmo, o que afectaría os intereses xerais que se pretenden atender.

Co obxecto de obter a aprobación definitiva do orzamento Provincial para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro do 2024 e así evitar os axustes orzamentarios que suporía a prórroga orzamentaria, e despois do estudo da reclamación presentada e visto o informe emitido pola Intervención Provincial propónse ao Pleno da Corporación Provincial da Coruña o seguinte acordo:

1. Incluír, por razóns de urxencia e interese público, na orde do día do Pleno ordinario do 22 de decembro de 2023 o asunto: "**Proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio 2024 e das súas Bases de Execución.**"
2. Desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado por Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Unión Sindical Obrera (USO).
3. Aprobar definitivamente o Orzamento Provincial para o exercicio 2024 e as Bases para a súa execución.
4. Dispor a publicación do resumo por capítulos do Orzamento Provincial para o exercicio 2024 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
5. Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Non sei se hai algún rogo, algunha pregunta?

Sr. Ben Otero

Es un ruego, pregunta, sugerencia, sobre todo en el momento en el que estamos desde que ayer se convocaron las elecciones autonómicas y en pos de una convivencia ordenada y razonable, como siempre la ha habido en esta casa, hasta el 18 de febrero y en adelante, lo que sí nos gustaría es no volver a encontrarnos previsiones como la del pasado domingo en la que el presidente de la Diputación, como presidente de la Diputación, hace una visita a una empresa pública, lo cual nos parece perfecto siempre y cuando esa visita fuera con el presidente de Navantia o con el ministro o ministra del ramo, pero en ningún caso con un presidente de una comisión en el Congreso de los



Diputados, porque es mezclar lo que es la institución, esta casa, la institución de la Diputación, con el partido.

Nos parece y le recomendamos que haga usted las visitas que quiera y por supuesto que debe hacerlas y las hará, como secretario general del PSOE con su candidato, perfecto, o como presidente de la Diputación con los responsables del Gobierno de España, que también podría ser positivo para la provincia de La Coruña. En ningún caso, y le pedimos por favor, porque hasta los propios compañeros de gobierno ni estuvieron por ahí, ni figuraron en las previsiones. De verdad, en favor de todo, que hagamos las cosas con coherencia con corrección, como se han solido hacer aquí o como se suelen hacer aquí, le pedimos que sea así y que esté atento al período de sombra que entra en vigor el próximo 26 de diciembre.

Ahora aprovecho, antes de que usted cierre, feliz Navidad a todos; os deseo lo mejor en lo personal y que vaya todo muy bien. Gracias.

Sr. Presidente

Pois rematamos o pleno e, evidentemente, non sen antes celebrar que chegamos a un ano que foi moi intenso outra vez, e esperando que o ano que vén sexa igual de positivo para a provincia como foi este ano 2023, aínda incluso mellor, se se pode, e que teñades unhas moi felices festas e un feliz ano a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:27 horas.